



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VILASANTAR

Aprobación de bases específicas da oferta de emprego público do Concello de Vilasantar do ano 2022, para a cobertura definitiva da praza libre de persoal laboral fixo traballadora social a media xornada

Bases específicas oferta de emprego público do Concello de Vilasantar do ano 2022.

ANUNCIO

Aprobación de bases específicas da oferta de emprego público do Concello de Vilasantar do ano 2022, para a cobertura definitiva da praza libre de persoal laboral fixo traballadora social a media xornada.

Por Decreto da Alcaldía nº 67/2023 do 23 de febreiro de 2023 resolveuse aprobar as Bases específicas que regularán a convocatoria do proceso selectivo correspondente á praza libre de persoal laboral fixo traballadora social a media xornada. do Concello de Vilasantar, publicadas as bases xerais desta convocatoria en BOP nº 36 de 22 de febreiro de 2023

O contido das Bases aprobadas é o seguinte:

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO, PARA ACCESO A PRAZA VACANTE, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VILASANTAR (A CORUÑA) DO ANO 2022, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

É obxecto das presentes Bases Xerais a regulación do proceso selectivo do persoal, así como da convocatoria respectiva, para a substitución de emprego interino ou temporal, mediante o procedemento selectivo de concurso-oposición, para a cobertura en propiedade das prazas abaixo relacionadas, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022, e de acordo coas Bases Xerais reguladoras do proceso selectivo (BOP número 36 de data 22 de febreiro de 2023)

Persoal laboral:

Denominación	Nivel Titulación	Soldo	N.º de postos vacantes	Xornada
Traballadora social	Diplomatura	Convenio Grupo II	1	50%

Segunda.-Sistema de selección

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición.

Terceira.- Requisitos dos/as aspirantes

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas Bases Xerais, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias-solicitudes.

En relación ao requisito de titulación, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de grao en traballo social (ou equivalente) ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Cuarta.- Instancias

A presentación de instancias cinguirase ao establecido nas Bases xerais.

O importe da taxa por dereitos de exame está establecida na Ordenanza fiscal nº 4 reguladora da taxa pla expedición de documentos (modificación BOP nº 17/02/2023 nº 34) para o grupo A2.

Quinta.- Composición do tribunal

O tribunal será nomeado de conformidade co artigo 55.2 e art. 60 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba, o texto refundido do Estatuto do empregado público e segundo o establecido nas Bases Xerais, e obedecerá á seguinte composición:

- Presidente, que terá voto de calidade: Un/Unha técnico/a , titular e suplente.

- Secretario, quen actuará con voz e sen voto: Un/Unha funcionario/a de carreira, titular e suplente.
- Vogais: prevalecerá o criterio de idoneidade e especialidade técnica especialmente, polo que as/os 6 vogais, 3 titulares e 3 suplentes, serán designados de entre persoal ou profesionais relacionados co desenvolvemento de funcións relativas ao mantemento

A designación nominativa final dos membros integrantes do Tribunal seleccionador será aprobada por resolución e publicada no BOP da Coruña xunto coa listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, no prazo legalmente establecido co fin de posibilitar a potencial recusación/abstención dos membros do Tribunal de conformidade co establecido polo art. 23 e 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais concordantes.

En caso de non acharse presente o presidente do Tribunal ou suplente, asumirá as súas funcións o vogal de maior idade. O de menor idade substituirá o secretario en caso de ausencia deste ou o seu suplente. O secretario do Tribunal Cualificador actuará con voz e sen voto, salvo no suposto en que o Tribunal, por ausencia dalgún dos seus membros, estea composto por número par, e reúna o requisito da titulación esixida para a respectiva convocatoria.

Os membros do Tribunal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Os aspirantes poderán recusalos cando concorran algunha das devanditas circunstancias ou cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á función pública nos cinco anos anteriores a esta convocatoria. Para estes efectos o presidente do Tribunal esixiralles aos membros deste, declaración expresa de non acharse incursos nas circunstancias previstas nos artigos

23 e 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público

As resolucións dos tribunais vinculan a Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso poida proceder á súa revisión, conforme co disposto no artigo 106 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Sexta.- Admisión de aspirantes e normas xerais de desenvolvemento:

Segundo o establecido nas Bases Xerais.

Sétima.- Procedemento de selección e exercicios.

O procedemento de selección, concurso- oposición, constará de dúas fases:

Primeira fase:

Fase de oposición

A totalidade desta fase terá unha cualificación máxima global de 60 puntos, e consistirá na realización dos seguintes exercicios:

1º exercicio

- Exame teórico de desenvolvemento de temas: exame teórico, de carácter eliminatorio e obrigatorio, para o desenvolvemento de temas referidos ao temario anexo á presente convocatoria (anexo I temario xeral, anexo II temario específico)
- Este exercicio consistirá na realización por escrito, e nun tempo máximo de 30 minutos, dun test de 30 preguntas que comprenda a parte xeral e a parte específica.
- A cualificación máxima deste exercicio é de 30 puntos, e será necesario acadar 15 puntos para superalo. Como criterio de valoración o tribunal considerará o seguinte:
 - Cada pregunta acertada equivale a un (1) punto
 - Cada pregunta errónea restara cero trinta (0,30) puntos

2º.- Exercicio:

- Exame práctico: exame práctico, de carácter eliminatorio e obrigatorio, para o desenvolvemento dunha proba de capacitación de nivel técnico .
- Este exercicio consistirá na realización, nun tempo máximo de 30 minutos, dun suposto práctico determinado polo tribunal relacionados cun supostos/situacións de índole teórico-práctica, referido ao contido do temario anexo (temario xeral e específico) e relacionado coas funcións do posto de traballo, determinado polo tribunal avaliador.
- A cualificación máxima deste exercicio é de 30 puntos, sendo necesario acadar 15 puntos para superalo. Como criterio de valoración, ademais dos coñecementos expostos, o Tribunal considerará a orde nas ideas/conceptos,

claridade expositiva e capacidade analítica e pragmática dos aspirantes na resolución do problema/situación formulado.

- O tribunal queda competencialmente capacitado para determinar a posibilidade de utilización de apoio legal e documental para a realización deste exercicio, con carácter previo á realización da proba.

3º.- Exercicio:

- Proba de galego: de carácter obrigatorio e eliminatorio. Tal e como establece o art. 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública de Galicia e para garantir os dereitos das administradas e administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3º da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.
- Este exercicio terá unha cualificación de Apto/Non Apto, quedando exentos da realización deste aqueles aspirantes que acrediten a titulación de nivel Celga 4, curso de iniciación da lingua galega ou equivalente.
- A proba de coñecemento da lingua galega consistirá na tradución escrita (sen apoio documental, dicionario etc.) de castelán ao galego normativo, dun texto facilitado polo Tribunal. Este exercicio terá unha duración máxima de 30 minutos.

Segunda fase:

Concurso de méritos

A puntuación máxima posible desta fase é de 40 puntos, correspondente ao 40% do total do proceso selectivo, debendo en calquera caso, respectarse os máximos establecidos en cada un dos epígrafes do baremo.

A puntuación acadada nesta fase por cada un/unha dos/as aspirantes que superen a fase de oposición farase pública no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica do concello de Vilasantar www.vilasantar.gal. Estas puntuacións da fase de concurso de méritos engadiranse ás puntuacións acadadas por cada aspirante na fase de oposición, dando lugar á cualificación final da selección, consecuentemente á orde de prelación das cualificacións finais dos aspirantes.

A fase de concurso de méritos rexerese segundo o seguinte baremo, cuxa puntuación máxima posible é **40 puntos**:

1.A.- Méritos profesionais (máximo 20 puntos)

- Por servizos prestados nunha administración pública en postos de traballo con funcións análogas ou similares a desta convocatoria: tres (3) puntos por cada mes completo de servizos, ata un máximo de 18 puntos.
- Por servizos prestados en entidades sen ánimo de lucro ou no ámbito da empresa privada, en postos de traballo da mesma categoría e natureza a desta convocatoria: 1,5 puntos por cada mes completo de servizos, ata un máximo de 9 puntos.

Os servizos prestados a tempo parcial, sempre que igualem ou superen o 50% da xornada computarán como mes completo e o resto serán valorados proporcionalmente.

As cualificacións outorgadas nos epígrafes son excluíntes, de xeito que unha mesma acreditación será valorada unicamente no epígrafe máis favorable e axeitado segundo o criterio do tribunal. Así mesmo, as sumas total de méritos profesionais non poderán superar o máximo establecido no apartado de méritos profesionais, isto é 20 puntos.

1.B.- Formación (máximo 20 puntos)

A.- Por estar en posesión do Título de experto universitario en Intervención Sociosanitaria: 5 puntos

B.- Por estar en posesión do Certificado de Lingua de Signos Española (calquera nivel): 5 puntos

C.- Outros cursos relacionados coas funcións do posto, máximo 7 puntos

Cursos de 100 ou máis horas: 7 puntos por curso.

Cursos de entre 50 a 99 horas: 4 puntos por curso.

Cursos de entre 20 a 49 horas: 2 puntos por curso.

Cursos de menos de 20 horas: non se valorarán

D.- Outros méritos**Idioma inglés, máximo 3 puntos**

- Nivel B1: 3 puntos
- Nivel A2: 2 puntos

A puntuación é autoexcluínte, de xeito que unicamente se valorará a titulación con máis puntuación (cun máximo establecido de 3 puntos).

Oitava.- Relación de aprobados e documentación: segundo as Bases Xerais.

Novena.- Norma final: segundo as Bases Xerais.

Anexo: Temario:

Anexo I: Temario xeral

1. A Constitución española de 1978: Título Preliminar, Título I (Capítulo II, Capítulo IV e Capítulo V) e Título VIII.
2. Lei 7/85 de 2 de abril de bases de Réxime, Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local: i) Competencias municipais: sistema de determinación ii) Competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias iii) Os servizos mínimos.
3. Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais: Título II e Título IV.
4. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Título III, Título IV (Capítulo I e Capítulo IV) e Título V.
5. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: Título Preliminar, Capítulo III e Capítulo IV.
6. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: Título III, Título VI, (Capítulos III e IV) e Título VIII
7. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais: Título I, Título II, título III e Título VIII.
8. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: Título Preliminar e Título I. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero: Título I.
9. Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: Título preliminar e Título I.
10. Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Anexo II: Temario específico

1. Políticas actuais do Estado de benestar. Concepto de xustiza social. Definición internacional de traballo social (FITS, 2014). Construción histórica do traballo social no marco do proceso e desenvolvemento do benestar social en España.
2. Marco legal dos servizos sociais: Constitución española, Estatuto de autonomía, normativa reguladora de réxime local.
3. A Lei de servizos sociais de Galicia: estrutura e contido.
4. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: obxecto e estrutura.
5. Voluntariado e acción social non gobernamental. Lei 10/2011, do 80 de novembro, acción voluntaria.
6. Teorías contemporáneas do traballo social. Modelos da práctica profesional. Correntes profesionais.
7. O método e a metodoloxía en traballo social. Evolución histórica da metodoloxía en traballo social. Formulacións e revisión dos métodos clásicos. Formulacións actuais: a estrutura básica de procedemento. Fases do proceso metodolóxico.
8. A planificación social no traballo social: plan, programa e proxecto.
9. Técnicas en traballo social: de coñecemento, de diagnóstico, de intervención e de avaliación. Instrumentos específicos en traballo social: ficha social, informe social, escalas de valoración social e proxecto de intervención social. Xestión das emocións na aplicación das técnicas e instrumentos no desenvolvemento profesional do traballo social.
10. O traballo social individual. Evolución histórica da intervención individual. Natureza, filosofía, valores e principios. Modelos na intervención individual. Diagnóstico. Deseño da intervención. Técnicas fundamentais.

11. O traballo social familiar. A familia concepto e tipos. Os novos tipos de familia. Familia e crise. A familia multiproblema. O enfoque sistémico na intervención con familias: conceptos claves. A estrutura familiar. Os ciclos vitais. Características da entrevista sistémica. O proceso de axuda.

12. O traballo social en rede. Orixe e concepto de rede. Tipoloxía da rede. Características das redes. Funcións da rede social. Obxectivos do traballo en rede. Fases da intervención. O traballo interdisciplinar na intervención social complexa.

O traballo social de grupo. Concepto e evolución da intervención grupal en traballo social. Tipos de grupos. Elementos estruturais do grupo. Etapas da vida do grupo. Liderado-comunicación-conflicto e negociación no grupo. As dinámicas de traballo no grupo. Obxectivos e papel da traballadora social dinamizadora do grupo.

13. Traballo social comunitario. Concepto. Modelos de intervención en traballo social comunitario. Fases metodolóxicas: análise da comunidade, diagnóstico participativo, elaboración do proxecto de intervención, negociación e implantación, avaliación continua e final.

14. O/a traballador/a social como compoñente dun equipo de traballo interdisciplinar: principios básicos, fundamento e funcións. Conceptos básicos: interprofesionalidade, multidisciplinariedade, interdisciplinariedade e transdisciplinariedade.

15. A entrevista en traballo social. Tipoloxías e técnicas aplicables. Transferencia e contra transferencia na relación profesional. A visita domiciliaria en traballo social: encadramento e estrutura.

16. A investigación social. Técnicas e aplicacións no traballo social. O informe da investigación.

17. A ética e a deontoloxía en traballo social. O Código deontolóxico das/dos profesionais do traballo social: principios básicos e xerais e ámbito de aplicación. Relación cos/cas usuarios/as, profesionais e institucións

18. Integración e autodeterminación das persoas usuarias no proceso de intervención.

19. O sistema galego de servizos sociais . Competencia das administracións públicas.

20. O Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais. Concepto, programas básicos e compromisos. Administracións implicadas: cooperación e coordinación.

21. O traballo social nos servizos sociais comunitarios básicos. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

22. Os servizos sociais especializados. Concepto. Competencias. Organización. Programas. Equipamentos.

23. Dereitos e deberes das persoas en relacións cos servizos sociais de Galicia

24. Infraccións e sancións en materia de servizos sociais en Galicia

25. Estrutura básica dos servizos sociais de Galicia

26. Catalogo de servizos sociais en Galicia

27. Servizos sociais comunitarios, de bases ou atención primaria. Concepto, características e principios

28. O financiamento dos servizos sociais en Galicia.

29. Formas de prestación so servizos sociais en Galicia. O réxime de concerto social.

30. A renda de inclusión social de Galicia (RISGA) . Definición , obxectivos e estrutura. Unidade de convivencia. Requisitos xerais de acceso. O tramo de persoa e familiar.

31. Obrigas das persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA).

32. Modificación suspensión e extinción . Recursos e medidas vinculados á renda de inclusión social de Galicia.

33. As axudas de inclusión social de Galicia 34. Programa de renda activa de inserción 35. Pensións non contributivas da seguridade social. Normativa vixente. Obxectivos, tipo e requisitos.

34. Promoción da autonomía persoal a atencións as persoas en situación de dependencia. Normas reguladoras. Titulares de dereitos e prestacións. Catálogo de servizos

35. Procedementos para o recoñecementos da situación de dependencia e do dereitos ás prestacións do sistema da autonomía a atención a dependencia, o procedemento para a elaboración do PIA e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes en Galicia.

36. Servizo de axuda no fogar. Marco autonómico. Competencia dos Concellos. Natureza e formas de xestións

37. Apoio á familia e a convivencia en Galicia. Normativa reguladora, Competencias do municipio. As familias de especial consideración. As persoas maiores . Competencia dos municipios en materia de proteccións dos menores.

38. Políticas de Igualdade, Normativa estatal e autonómica para a igual efectiva de mulleres e homes. Marco normativo na protección integral contra a violencia de xénero e para igualdade de mulleres e homes. Dereito das mulleres vítimas de violencia de xénero. Protocolos de actuación. Equipamentos, programas e recursos.

Vilasantar, 14 de marzo de 2023

O alcalde

Fernando Javier Pérez Fernández

2023/1790